

RESUMO DO QUE LEVAMOS FEITO PARA O PDI DA VOLTA AO MUNDO:

Recordádelle que estamos a buscar os ingredientes para facer unha apócema máxica para que o gnomo poida curar os arrefriados dos animais do bosque. O primeiro ingrediente xa o atopamos en Escocia (as gotiñas de auga máxica no lago Ness). Para o segundo ingrediente tivemos que viaxar a Groenlandia e estamos a buscar por alí un raposo ártico (primeira imaxe que adxunto na que os nenos tiñan que pintar o marco do lugar a onde crían que tiñamos que viaxar para encontrar ese animal).

No noso camiño nos atopamos primeiro cos habitantes de Groenlandia, os inuits (investigar en internet sobre os inuits *segunda imaxe que adxunto) pero eles non saben onde pode estar o raposo ártico.

Así que seguimos o noso camiño e nos atopamos cun animais extraños que parecen renos pero non o son, son Caribús (*terceira imaxe que adxunto na que as nenas/os tiveron que mirar cunha lupa especial que temos no cole. O nome que desaparecía era o dos renos e averiguábamnos así que eses animais son Caribús. Podedes investigar por internet sobre os Caribús).

E ahí nos quedamos, o seguinte paso será atoparnos con inuits nos seus kaiaks (*última imaxe que adxunto) e investigar sobre os kaias, pero iso xa o faremos cando volvamos todos/as ao cole.





